


## A gavela do Guillade

*"Serían as dez da noite do día 1" de xuño do ano 1820 cando se presentou en San Pedro da Ramallosa a partida de bandidos que capitaneaba Guillade, composta de 10 homes (a maioría deles eran portugueses), asaltando a casa de Xosé Portela, rachándolle a porta principal a golpe de machada (...). Desta casa pasaron á de Tomás Giráldez, esixíndolle 60.000 reais e de aí marcharon a iso das 12 da noite á casa de Benito González. Ó día seguinte entraron na parroquia de Baiña ás catro da tarde, pasando á casa do veciño Carlos Rodríguez, pedíndolle de comer ovos e touciño..."*<sup>1</sup>



Ultimando os detalles antes da gravación (Foto: Lino Pellitero)

En outubro de 2000 outra gavela, pero esta vez non capitaneada polo bandido (¿ou carlista?) Guillade, irrompeu nos fogares dos veciños de Baiona, Gondomar e Nigrán a través de Onda Cero Val Miñor.

Así, durante vinte minutos e todos os xoves dende as 13,10 ás 13,30 horas e de maneira ininterrompida, catro membros do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) falaban nun programa adicado exclusivamente á Cultura e ó Val Miñor.

Quen capitaneaba este proxecto, esta gavela de bandidos que pretendía encher de contidos culturais as mañás dos xoves, de divulgación a través das ondas, era Lino Pellitero e ó seu lado estaban M<sup>a</sup> Xosé González, Carlos Méixome e Juan A. González.

Durante os dous anos que botamos en antena o programa mudou en contidos, en sintonía; en fin, houbo que amoldarse ó paso do tempo. M<sup>a</sup> Xosé deixou aquel apartado "O Recuncho dos Nomes" no que durante máis de ano e medio escabichou no significado, na etimoloxía, dos nomes do Val Miñor, nunha riquísima toponimia que gracias a traballos como o de M<sup>a</sup> Xosé se vai conservando e mantendo na nosa memoria.

Polo programa teñen pasado persoeiros da vida cultural e social do Val Miñor como Carlos Casares, Bieito Ledo, Antón Mascato, Carlos de la Peña, Marta Dacosta... e outras moitas persoas quizás máis anónimas pero que co seu esforzo diario fan do Val Miñor un espacio privilexiado. Novas culturais; festas e tradicións; xentes destacadas da historia da comarca; análise de monumentos e obras de arte; percorrido polos pazos, polas pontes, polo románico ou pola obra do arquitecto Palacios ou do pintor Caíno; análises socio-económicas, demográficas ou turísticas...

<sup>1</sup> Ramos González, H.: *Crónicas históricas de la villa de Bayona*. Madrid. 1925, pp 266-270.

<sup>2</sup> Ramos González, H. : Op. citada.

En fin, toda a cultura do Val Miñor comprimida en 20 minutos aportados polos membros do Instituto de Estudios Miñoranos.

*"A partida de bandidos fuxiu de Baiona moi tranquila, chegando, ás cinco da mañán, ó monte da Groba (...); sóbose logo que pasaron nunha barca o río Miño, pola parte de Camposancos".<sup>2</sup>*

Tamén a gavela radiofónica abandonou Baiona, non por ter cometido ningunha falcatruada, senón simplemente porque Onda Cero-Val Miñor rematou as súas emisións. Feito que non deixamos de lamentar, mentres agardamos que os cousas do Val Miñor non tarden en volver a ser comunicadas a través das ondas.